



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Costa da Morte



Financiado pola  
Unión Europea

## ANUNCIO DE CONTRATACIÓN

**Procedemento de contratación do Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023 (DOG num. 183 do martes 26 de setembro de 2023)**

Número de Expediente: [GALP3-2023-003](#)

Publicado na web <https://galp.xunta.gal> o [3-10-2023](#)

### 1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Costa da Morte CIF: G-70181797
Obtención de documentación e información	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Enderezo:</b> Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña).</li><li>▪ <b>Teléfonos:</b> 981 70 73 78 – 626 104 619</li><li>▪ <b>Correo electrónico:</b> <a href="mailto:galp.mar.costadamorte@xunta.gal">galp.mar.costadamorte@xunta.gal</a></li><li>▪ <b>Sitio Web do contratante:</b> <a href="https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions">https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions</a></li></ul>
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (3 de outubro de 2023), na web <a href="https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions">https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions</a> ata o <b>11 outubro de 2023</b> , derradeiro día para presentación de ofertas.
Referencia do expediente	GALP3-2023-003
Denominación do expediente	Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023 (DOG num. 183 do martes 26 de setembro de 2023).

### 2. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

Tramitación	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar )	Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.



<b>Subdivisión en lotes</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Admisión de prórroga</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Admisión de variantes e/ou melloras</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Admisión de subcontratación</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non

### 3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

<b>Tipo de contrato</b>	Contrato de Servizos
<b>Descrición da licitación</b>	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de perito independente, para valoración previa e de obra, de proxectos de construción con orzamento total de execución superiores a 100.000 €, presentados ao abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023, segundo o establecido nos seus artigos 19.7 (valoración previa) e 23.4 (valoración de obra ou proxecto).
<b>Prazo de execución</b>	O prazo de execución será dende o mes de outubro de 2023 ata o 31-12-2025.
<b>Prórrogas</b>	Non.
<b>Calendario para a prestación dos servizos</b>	Os servizos realizaranse ao longo de cada ano e responde aos prazos e obrigas contempladas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.
<b>Duración</b>	27 Meses

### 4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 6 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Criterios avaliados mediante xuízo de valor:** Non hai.

**Criterios avaliados de forma automática (100 puntos):**

Criterio	Puntuación	Ponderación
a) Oferta económica-prezo (máximo 100 puntos) Asignarase o máximo de puntuación (100 puntos) á oferta de prezo unitario máis baixo, por cada 100.000 euros de orzamento de execución, media aritmética entre o prezo ofertado para informes de valoración	100	100%



<p>previa (artigo 17.7 Orde de Axudas) e informes de valoración de obra (artigo 23.4 Orde de Axudas), asignándolle a puntuación ao resto de ofertas mediante proporcionalidade inversa, aplicando a seguinte fórmula:          Oferta de prezo unitario máis baixo -----100 puntos          Oferta valorada ----- X puntos  <math>X = \text{Oferta de prezo unitario máis baixo} \times 100 / \text{Oferta valorada}</math></p>		
---	--	--

Aplicación dos criterios avaliados de forma automática

Criterio	Aplicación
Prezo	Anexo III coa oferta económica.

## 5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

<b>Valor estimado do contrato</b>	3.762,98 € (ive excluído)	
<b>Orzamento de licitación</b>	Importe base de licitación	3.135,82 €
	IVE (21%)	658,53 €
	Importe total de licitación	3.794,35 €
<b>Financiamento</b>	Esta contratación está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e Xunta de Galicia segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026.	

## 6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

<b>Lugar de presentación</b>	Nas oficinas do Galp Costa da Morte: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña), en horario de 8.30 a 15.00, días laborables de luns a venres ou por correo certificado, sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos (achegarse ao enderezo electrónico <a href="mailto:galp.mar.costadamorte@xunta.gal">galp.mar.costadamorte@xunta.gal</a> xustificante de presentación antes da finalización do prazo), dentro do prazo de presentación indicado neste apartado.
<b>Prazo de presentación</b>	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (3 de outubro de 2023), na web <a href="https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions">https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions</a> , <b>ata o 11 de outubro de 2023</b> . Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
<b>Forma de presentación</b>	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous pechados: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>SOBRE A (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE A”):</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anexo II de declaración responsable do licitador.</li> <li>- Os empresarios que sexan persoas xurídicas, aos efectos de acreditar a capacidade de obrar e que o seu obxecto social se axeita a actividade obxecto do contrato, achegaran a escritura</li> </ul> </li> </ul>



	<p>ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.</li><li>- Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira:<ul style="list-style-type: none"><li>o Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil ou no seu caso, dos libros exixidos pola normativa de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de ive, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.</li></ul></li><li>- Documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional:<ul style="list-style-type: none"><li>o Xustificante do título de licenciado/a en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo.</li><li>o Acreditación da condición de profesional colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos.</li></ul></li></ul> <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>SOBRE C (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE C”):</b></li></ul> <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>Documentación acreditativa dos Criterios avaliados de forma automática:</b> Anexo III coa oferta económica.</li></ul> <p><b>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</b></p> <p>Toda a documentación preceptiva, deberá vir asinada pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar independente dos sobres, un índice relacionando os documentos que se presentan, asinado e identificando a persoa licitante.</p>
<p><b>Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante</b></p>	<p>Dous (2) meses contados dende a data de apertura de proposicións.</p>



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Costa da Morte



Financiado pola  
Unión Europea

<b>está obrigada a manter a súa oferta</b>	
--	--

## 7. APERTURA DE OFERTAS

<b>Descrición</b>	Apertura pública sobre C
<b>Lugar</b>	Sede do Galp Costa da Morte. Lugar A Camposa s/n – Buño. Malpica de Bergantiños (A Coruña).
<b>Data e hora</b>	Publicarase na web <a href="https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions">https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions</a> a data e a hora da apertura do sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.

## 8. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- [Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas.](#)
- [Anexo II](#) (incluír cuberto e asinado no Sobre A)
- [Anexo III Modelo Oferta Económica](#) (incluír cuberto e asinado no sobre C)

En Buño a 3 de outubro de 2023

O XERENTE GALP COSTA DA MORTE

Asdo.: Guillermo González Díez